

**PROGRAMACIÓN**

**LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

**CURSO 2020-2021**

# **ÍNDICE**

<b><u>1.GLOSARIO MARCO LEGAL.....</u></b>	<b>3-5</b>
<b><u>2.INTRODUCCIÓN Y CONTEXTUALIZACIÓN.....</u></b>	<b>6-8</b>
<b><u>2.1.Composicion do departamento</u></b>	
<b><u>2.2.Materias impartidas-horas</u></b>	
<b><u>3.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....</u></b>	<b>9-18</b>
<b><u>3.1.Consideracións xerais</u></b>	
<b><u>3.2.Perfís competenciais</u></b>	
<b><u>4.OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES,....</u></b>	
<b><u>4.1.Plan de recuperación dos estándares que non se traballaron no curso 2019/2020</u></b>	
<b><u>GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTANDAR,</u></b>	
<b><u>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN POR CURSO.....</u></b>	<b>18-61</b>
<b><u>5.CONCRECIÓNS MEDODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.....</u></b>	<b>62-63</b>
<b><u>5.1.Principios metodolóxicos xerais</u></b>	
<b><u>5.2. Estratexias metodolóxicas específicas derivadas da situación creada polo COVID</u></b>	
<b><u>6.MATERIAIS E RECURSOS QUE SE VAN UTILIZAR.....</u></b>	<b>64</b>
<b><u>7.CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....</u></b>	<b>65-73</b>
<b><u>7.1.Ensino presencial</u></b>	
<b><u>7.2.Ensino semipresencial</u></b>	
<b><u>7.3.Ensino non presencial</u></b>	
<b><u>8.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRACTICA DOCENTE.....</u></b>	<b>74-75</b>
<b><u>9.ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO E RECUPERACIÓN.....</u></b>	<b>76</b>

<b><u>10.DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS.....</u></b>	<b>77</b>
<b><u>11.MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....</u></b>	<b>78</b>
<b><u>12.CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.....</u></b>	<b>79-80</b>
<b><u>13.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</u></b>	<b>80</b>
<b><u>14.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....</u></b>	<b>81-82</b>
<b><u>15.CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....</u></b>	<b>83</b>
<b><u>16.CONTRIBUCIÓN A INTEGRACIONES DAS TICS.....</u></b>	<b>84</b>
<b><u>17.CONTRIBUCIÓN AO PIAN DE CONVIVENCIA.....</u></b>	<b>84</b>
<b><u>18.CONTRIBUCIÓN AO PLAN LINGÜÍSTICO.....</u></b>	<b>85</b>

## **1.GLOSARIO E MARCO LEGAL**

Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Inclúese no PE.
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos.
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1. Que, cando e como ensinar / 2. Que, cando e como avaliar / 3. Como atender á diversidade.

<p> <b>Criterios de avaliación</b> </p>	<p> Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (art. 2.3. do Decreto 86/2015). </p>
<p> Estándares de aprendizaxe </p>	<p> Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. </p>
<p> <b>Criterios de cualificación</b> </p>	
<p> Indicadores de logro </p>	<p> Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica (art. 7.4 da Orde ECD 65/2015, BOE 29/1/2015). <b>O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica.</b> </p>
<p> Grao de consecución dun estándar </p>	<p> Serve para sinalar o <b>grao mínimo de consecución</b> esixible dun estándar para superar a materia (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido de consecución, máis importante se considera o estándar. </p>
<p> Criterios de cualificación e instrumentos </p>	<p> Serven para ponderar “<b>o valor</b>” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor. </p>
<p> <b>Procedementos e instrumentos</b> </p>	<p> Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a <b>integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente</b> (art. 7.6, terceiro parágrafo, da Orde ECD 65/2015). </p>
<p> Rúbrica </p>	<p> Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia. </p>

Portfolio	Achega de producións dun alumno/a.
<b>OUTROS ASPECTOS</b>	
Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos estándares ao longo dunha etapa.
Perfil de área	Conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábeis que ten unha área ou materia. Dado que os estándares de aprendizaxe avaliábeis pónense en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través desa área ou materia (art. 5.6 Orde ECD 65/2015). Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo.
Perfil competencial	<p>Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (art. 5.7 Orde ECD 65/2015).</p> <p>No portal de Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<a href="http://www.edu.xunta.es/portal/guiadalomce">http://www.edu.xunta.es/portal/guiadalomce</a>) están dispoñibles, en formato doc e desagregados por áreas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>• Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>• A Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.</li> </ul>

## • **2.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

Esta programación está pensada para a materia de Lingua castelá e Literatura dos catro cursos de Educación secundaria obligatoria do CPI de San Sadurniño, un centro situado nunha zona rural, que conta con 355 alumnos repartidos en catro unidades de Educación Infantil, dez unidades de primaria e oito unidades de secundaria. Aparte das aulas nas que se imparten as clases, o centro dispón de Biblioteca, aula de informática e un aula de novas tecnoloxías, dotada de pizarra dixital e canón de video; ademáis, o Centro Cultural de San Sadurniño está situado a escasos metros, e está á nosa disposición para levar a cabo actividades ( recitais poéticos, lecturas dramatizadas, etc.). Os grupos de secundaria son pouco numerosos, o que permite unha observación directa do profesor na aula e facilita a posta en práctica da programación, non obstante, nos últimos anos percibimos no alumnado con dificultades no proceso de aprendizaxe, e pouca implicación no traballo que teñen que realizar na casa ( tarefas, lecturas, estudo da materia ) polo que a programación deberá ser flexible, tanto nos contidos da materia como na temporalización das unidades didácticas. Ao noso departamento correspóndelle impartir Lingua castelá e Literatura nos grupos de 1º, 2º e 3º e 4º de ESO.

### **2.1.Composición do departamento.**

O *Departamento de Lingua castelá e Literatura* do CPI de San Sadurniño está formado pola profesora Pilar Charlón Redondo, xefa de departamento, que imparte a asignatura de Lingua castelá e literatura nos cursos 1º, e 4º de ESO e pola profesora María Irene Durán López, imparte a Lingua castelá de 2º e 3º, o Apoio en Lingua en 2º e, como afín, a Lingua galega de de 1º de ESO

O reparto de horas e materias e o seguinte:

<b>PROFESORA</b>	<b>CURSO</b>
Pilar Charlón Redondo ( xefa de departamento )	Lingua castelá de 1º A, 1º B, 4ºAº e 4º B Latín 4º
María Irene Durán Pérez	Lingua castelá de 2ºA, 2º B, 3ºA e 3º B Lingua galega de 1º A Apoio en Lingua 2º

Por outro lado, como non temos *Departamento de Filoloxía clásica*, o noso departamento tamén imparte como afin a asignatura *Latín de 4º*

## **2.2.Materias impartidas-horas lectivas**

Corre a cargo deste departamento a impartición para o curso 2020-2021 das seguintes materias:

Materia	Curso	Número de horas semanais	Total horas
Lingua castelá e literatura	1º ESO	4+4	8
Lingua castelá e literatura	2º ESO	3+3	6
Lingua castelá e literatura	3º ESO	3+3	6
Lingua castelá e literatura	4º ESO	3+3	6
Apoio en lingua castelá	2º ESO	1	1
Latín	4º ESO	3	3
Lingua galega	1º ESO	3	3



## **3.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

### **3.1.Consideracións xerais**

Na área de Lingua Castelá e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

#### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Desde a área de Lingua Castelá e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, e a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do home coa realidade, o mundo científico e a contorna ambiental.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home na contorna natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

#### **Comunicación lingüística**

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular, por tanto, poderíamos incluír calquera dos descritores da devandita competencia. Con todo, e dado que se explicitan nas unidades segundo a relevancia que teñen en cada unha delas, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade.

Por tanto, destacamos os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor?
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

## **Competencia dixital**

A área de Lingua Castelá e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é alicerce esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a procura de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

## **Conciencia e expresións culturais**

A expresión da lingua e o coñecemento de diversas expresións culturais a través da literatura facilitan, desde a área, o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área unha canle perfecta para adestrar a competencia.

Polo que nesta área, traballaremos os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica?), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

## **Competencias sociais e cívicas**

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para acordar, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Castelá e Literatura o desenvolvemento desta competencia. Por outra banda, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propia da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

## **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

O desenvolvemento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia o alumno debe recoñecer os seus recursos e desenvolver hábitos que permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os descritores que adestraremos son:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

## Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna recoñézase a si mesmo como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Nesta sentida a área de Lingua Castelá e Literatura préstase a iso de maneira favorable, xa que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

Traballaremos os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependiente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe

## 3.2.Perfis competenciais

CONCRECIÓN DE ESTANDARES QUE FORMAN PARTE DO PERFIL COMPETENCIAL	CURSO 1º ESO
<b>CMCCT</b>	
▪ LCLB2.1.3. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc	
▪ LCLB2.4.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.	
<b>CD</b>	
▪ LCLB2.2.1. Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	
▪ LCLB2.2.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital	

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.2.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario.</li> </ul>
<b>CAA</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.3.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.</li> <li>▪ LCLB3.5.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> <li>▪ LCLB3.7.1 Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.</li> </ul>
<b>CSC</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.1.1 Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.</li> <li>▪ LCLB3.4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.</li> <li>▪ LCLB3.6.1. Coñece e valora a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do seu ámbito social próximo.</li> </ul>
<b>CSIEE</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.2.1. Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.</li> <li>▪ LCLB2.3.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.</li> </ul>
<b>CCEC</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.1.1 Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.</li> <li>▪ LCLB4.2.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras.</li> <li>▪ LCLB4.2.2. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.</li> <li>▪ LCLB4.3.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa.</li> <li>▪ LCLB4.3.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.</li> </ul>

**CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES QUE FORMAN PARTE DO PERFIL COMPETENCIAL CURSO 2º ESO****CMCCT**

- LCLB2.1.5. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña diferentes matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica.
- LCLB2.5.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.

**CD**

- LCLB2.3.1. Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.
- LCLB2.3.2. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.

**CAA**

- LCLB1.2.4. Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.
- LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.
- LCLB3.9.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.

**CSC**

- LCLB1.3.1. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.
- LCLB1.5.2. Realiza intervencións non planificadas dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.
- LCLB1.6.2. Respecta as normas de cortesía que deben dirixir as conversas orais axustándose á quenda de palabra, respectando o espazo, xesticulando adecuadamente, escoitando activamente as demais persoas e usando fórmulas de saúdo e despedida.
- LCLB3.8.1. Coñece e valora a diversidade lingüística de Galicia.

<b>CSIEE</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.4.1. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.4.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.</li> </ul>
<b>CCEC</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.)</li> </ul>
<p>LCLB4.4.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.</p>

<b>CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES QUE FORMAN PARTE DO PERFIL COMPETENCIAL CURSO 3º ESO</b>
<b>CMCCT</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento.</li> </ul>
<b>CD</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.4.1 Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.7.2. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital, resolve eficazmente as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe autónoma.</li> </ul>
<b>CAA</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.5.5 Avalía, por medio de guías, as producións propias e alleas, mellorando progresivamente as súas prácticas discursivas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.1.3. Avalía o seu proceso de comprensión de lectura usando fichas sinxelas de autoavaliación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.5.1 Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas e estrutura) ou a forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación), e avalía a súa propia produción escrita ou a dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.6.3. Resume textos xeneralizando termos que teñen trazos en común, globalizando a información e integrándoa en oracións que se relacionen loxicamente e semanticamente, evitando parafrasear o texto resumido.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.9.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.10.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.</li> </ul>
<b>CSC</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.1.2. Comprende o sentido global de textos publicitarios, informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación, distinguindo a información da persuasión na publicidade e a información da opinión en noticias, reportaxes, etc., identificando as estratexias de enfatización e de expansión</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.3.1. Escrita, observa e explica o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información salientable, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferenzas formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os intercambios comunicativos espontáneos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.6.1. Participa activamente en debates e coloquios escolares respectando as regras de interacción, intervención e cortesía que os regulan, manifestando as súas opinións e respectando as opinións das demais persoas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.3.3. Respecta as opinións das demais persoas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.</li> </ul>
<b>CSIEE</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.4.2. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polo alumnado, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.7.1. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias estudadas, expresándose con rigor, claridade e coherencia.</li> </ul>
<b>CCEC</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.2.2. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados identificando a tipoloxía textual seleccionada, as marcas lingüísticas e a organización do contido.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a escritura.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.5.2. Expressa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoado.</li> </ul>



- LCLB4.6.1 Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.

## CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES QUE FORMAN PARTE DO PERFIL COMPETENCIAL CURSO 4º ESO

### CMCCT

- LCLB2.2.6. Interpreta, explica e deduce a información dada en esquemas, mapas conceptuais, diagramas, gráficas, fotografías, etc.
- LCLB3.6.2. Recoñece a palabra nuclear que organiza sintacticamente e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan arredor dela.

### CD

- LCLB1.6.1. Realiza presentación orais de forma individual ou en grupo, planificando o proceso de oralidade, organizando o contido, consultando fontes de información diversas, xestionando o tempo e transmitindo a información de xeito coherente, aproveitando vídeos, gravacións ou outros soportes dixitais.
- LCLB2.4.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital, dicionarios de dúbida e irregularidades da lingua, etc.
- LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.
- LCLB4.6.3. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.

### CAA

- LCLB1.2.6. Resume textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente.
- LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.
- LCLB2.1.5. Fai conexións entre un texto e o seu contexto, integrándoo e avaliándoo criticamente, e realizando hipóteses sobre el.
- LCLB2.2.6. Interpreta, explica e deduce a información dada en esquemas, mapas conceptuais, diagramas, gráficas, fotografías, etc.
- LCLB2.3.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.
- LCLB2.4.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.
- LCLB2.5.2. Redacta borradores de escritura.

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.5.4. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas, estrutura, etc.) ou coa forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.5.5. Avalía, utilizando guías, a súa propia produción escrita e a dos/das seus/súas compañeiros/as.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.6.4. Resume o contido de calquera tipo de texto, recollendo as ideas principais con coherencia e cohesión e expresándoas cun estilo propio, evitando reproducir literalmente as palabras do texto.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.6.5. Realiza esquemas e mapas conceptuais que estruturen o contido dos textos traballados.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.3.3. Coñece o significado dos principais prefixos e sufixos de orixe grecolatina e utilízalos para deducir o significado de palabras descoñecidas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.</li> </ul>
<b>CSC</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.1.5. Distingue entre información e opinión en mensaxes procedentes dos medios de comunicación, e entre información e persuasión en mensaxes publicitarias orais, identificando as estratexias de enfatización e expansión.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.3.1. escoita, observa e interpreta o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferenzas formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os espontáneos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.3.5. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.7.3. Participa activamente nos debates escolares, respectando as regras de intervención, interacción e cortesía que os regulan, utilizando unha linguaxe non discriminatoria.</li> </ul>
<b>CSIEE</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.1.3. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.3.2. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polos alumnos, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.</li> </ul>
<b>CCEC</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a lectura e a escritura.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.1.2. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo dos diversos períodos histórico-literarios, ata a actualidade</li> </ul>

## **4.OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

### **AVALIABLES, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR,**

### **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN POR CURSO**

#### **4.1.Plan de recuperación dos estándares que non se traballaron no curso 2019/2020**

##### **2º CURSO**

A maioría dos estándares dos diferentes Bloques que quedaron por ver, pódense tratar no curso de 4º xa que, practicamente todos, volven a estar presentes nos contidos mínimos do próximo curso.

##### **3º CURSO**

Casi todos os estándares que non foron traballados no curso pasado, volven a estar presentes no curso de 3º; unicamente deberán ser reforzados durante as primeiras semanas de curso os relativos aos xéneros e subxéneros literarios.

##### **4º CURSO**

A maioría dos estándares dos Bloques I, II e III que quedaron por ver, pódense tratar no curso de 4º xa que, practicamente todos, volven a estar presentes nos contidos mínimos do curso; en canto ao estándar LCLB4.5.1, no mes de setembro farase unha síntese da Literatura do século XVII, o que posibilitará que os alumnos non comencen a estudar a Literatura española do século XVIII sen coñecer a etapa anterior.

# 1ºESO

<b>BLOQUE 1.Comunicación oral: escoitar e falar</b>					
<b>Contidos mínimos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Temporalización</b>	<b>Grao mínimo de consecución de cada estándar</b>	<b>Instrumentos de avaliación</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Escoita activa e observación das normas básicas que favorecen a comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.</li> </ul>	1ª ev. 2ª ev. 3ª ev.	Fai preguntas e fala dun tema respectando o seu turno	Observación, escala de valores
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Valorar a importancia da conversa na vida social practicando actos de fala (contando, describindo, opinando, dialogando, etc.), en situacións comunicativas propias da actividade escolar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.2.1. Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.</li> </ul>	1ª ev. 2ª ev. 3ª ev.	Participa en debates manifestando a súa opinión acerca dun tema e respectando as opinións dos demais compañeiros	Observación, escala de valores
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.3.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.</li> </ul>	1ª ev. 2ª ev. 3ª ev.	Comprende o proceso de produción de discursos orais	Observación, escala de valores Observación, escala de valores Observación, escala de valores
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.</li> </ul>	2ª ev. 3ª ev.	Recoñece a importancia da entonación, dos xestos e da xestión dos tempos.	
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.3.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.</li> </ul>	2ª ev. 3ª ev.	Corrixe diferentes intervencións orais.	

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.4.1. Realiza presentacións orais.</li> </ul>	2ª ev. 3ª ev.	Realiza unha presentación oral dun tema sinxelo elixido por el mesmo	Rúbrica
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB1.5.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.</li> </ul>	1ª ev. 2ª ev. 3ª ev.	Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.	Rúbrica

## BLOQUE 2. Comunicación escrita: ler e escribir

Contidos mínimos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución de cada estándar	Instrumentos de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos escritos de ámbito persoal, educativo ou escolar, e de ámbito social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.1.1. Retén información e reconece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas.</li> </ul>	1ª ev. 2ª ev. 3ª ev.	Recoñece as ideas principais dun texto sinxelo	Proba escrita
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.1.2. Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe.</li> </ul>	1ª ev. 2ª ev. 3ª ev.	É capaz de comprender textos instructivos	Proba escrita
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.1.3. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.</li> </ul>	1ª ev. 2ª ev. 3ª ev.	Responde con corrección preguntas sobre o significado de diagramas, gráficas, mapas....	Proba escrita

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.2.1. Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.</li> </ul>	1ª ev. 2ª ev. 3ª ev.	Usa o ordenador para obter información e a utiliza nas súas tarefas  Busca información en dicionarios dixitais  Sabe utilizar a biblioteca escolar.	Observación, escala de valores
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB2.2.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.</li> </ul>	1ª ev. 2ª ev. 3ª ev.		Observación, escala de valores
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos do século XX, utilizando as convencións formais do xénero seleccionado e con intención lúdica e creativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.5.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados, seguindo as convencións do xénero e con intención lúdica e creativa.</li> </ul>	1ª ev. 2ª ev. 3ª ev	Escribe textos persoais de intención literaria sinxelos a partir de modelos dados	Rúbrica
		<ul style="list-style-type: none"> <li>LCLB4.5.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.</li> </ul>	1ª ev. 2ª ev. 3ª ev		

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Consulta de fontes de información variadas para a realización de traballos e a cita adecuada destas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.6.1. Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, con rigor, claridade e coherencia, un tema relacionado co currículo de Literatura.</li> </ul>	1ª ev. 2ª ev. 3ª ev	Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, un tema relacionado co currículo de Literatura.	Observación, escala de valores
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.6.2. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose con rigor, claridade e coherencia.</li> </ul>	1ª ev. 2ª ev. 3ª ev	Valora criticamente obras literarias.	Rúbrica
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCLB4.6.3. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.</li> </ul>	1ª ev. 2ª ev. 3ª ev	Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.	Observación, escala de valores

## **5.CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.**

### **5.1.PRINCIPIOS METODOLÓXICOS XERAIS**

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno o adquire un maior grado de protagonismo.

En concreto, na área de Lingua Castelá e Literatura, ao ser esta unha das denominadas materias instrumentais, o traballo do docente ten dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos do currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.

Neste proceso é necesario o **entrenamiento individual e o traballo reflexivo** de procedementos básicos da asignatura: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación, que son obviamente extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente en aqueles que persiguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o **traballo en grupo colaborativo** aporta, ademáis do entrenamento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento personal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para entrenar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes nos alumnos, o desenvolvemento de actividades desde **teoría das intelixencias múltiples** facilita que tódolos alumnos podan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Lingua Castelá e Literatura, é indispensable a **vinculación a contextos reais**, e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para elo, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotidianas e cercanas aos alumnos.

## **5.2. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS ESPECÍFICAS DERIVADAS DA SITUACIÓN CREADA POLO COVID**

Estamos a vivir unha situación excepcional que pode provocar diferentes escenarios: confinamento dalgunha aula na casa, confinamento da profesora de lingua pero non dos alumnos, confinamento dalgúns alumnos determinados pero non do resto da clase, etc... polo que a metodoloxía ten que adaptarse a estas circunstancias.

A AULA VIRTUAL será o recurso utilizado como vía de comunicación cos alumnos e como vehículo de aprendizaxe, independentemente de que a clase sexa presencial, é dicir, as profesoras colgarán semanalmente as indicacións sobre o que se vai traballar nas sesións dese período. Esas indicacións poden incluír os materiais necesarios para o desenvolvemento das sesións: apuntes, fichas con exercicios, videotutoriais sobre o tema e enlaces a exercicios virtuais ou ao libro EDIXGAL (no caso de 1º e 2º). Aínda que a clase sexa presencial, a AULA VIRTUAL será unha ferramenta fundamental xa que permite descargar os materiais, e telos na pantalla reducindo, na medida do posible, o uso de fotocopias en papel.

No caso de que algún alumno non poda asistir ás clases temporalmente, as profesoras enviaranlle un correo coas instrucións para traballar eses días (aínda que estean na aula virtual) e facilitaranlle os arquivos se non os podesen descargar da Aula Virtual. Se toda a clase está confinada ou a profesora dese curso non pode dar clase presencial, enviará un correo a todo o alumnado afectado coas instrucións, mesmo coas indicacións dunha posible sesión “on line”.

Para garantir o dereito á educación do alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática, as profesoras contarán con apuntes, fichas e materiais diversos en papel para que a familia poda recollelos na secretaría do centro, despois de enviarlles un correo coas instrucións pertinentes.

## **6.MATERIAIS E RECURSOS QUE SE VAN UTILIZAR.**

Nos cursos de 1º e 2º traballaremos este curso cos libros dixitais NETEX e EDEBÉ xa que o noso centro está adscrito ao proxecto EDIXGAL; nos outros cursos, os libros que seguiremos serán os seguintes:

*Lengua y Literatura*, 3º ESO, SERIE LIBRO ABIERTO, de Santillana

Contaremos tamén co recurso imprescindible da AULA VIRTUAL, na que estarán colgados tanto os materiais e apuntes empregados na aula como outro tipo de recursos (videotitoriais, enlaces, exercicios virtuais...)



## **7.CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.**

### **7.1.ENSINO PRESENCIAL**

*Os procedementos para avaliar serviranse de:*

- A **observación directa do traballo da clase**: en xeral, os exercicios propóñense para realizar na clase de modo que o profesor poida constatar que é o propio alumno quen os realiza e observar quen demostra maior ou menor capacidade á hora de aplicar os contidos teóricos. Fóra do horario escolar as súas tarefas centraranse en actividades de reforzo ou ampliación, lectura das obras propostas ou actividades que exixan materiais e recursos de fóra da aula (consultas en bibliotecas ou na rede, por exemplo).
- A **autoavaliación**: en datas próximas aos exames dedicarase unha sesión a actividades de repaso similares ás que han de responder na proba e que os propios alumnos puntuarán de forma individualizada. Por outro lado, sempre que se deseñe algunha tarefa, o alumno debe coñecer de antemán que aspectos van ser avaliados, para que sexa consciente en todo momento da súa propia avaliación.
- A **coavaliación**: nos traballos en equipo os alumnos incluírán de forma conxunta unha valoración das dificultades con que se atoparon e dos resultados obtidos.
- A **análise das tarefas desenvolvidas**: as actividades diarias serán corrixiadas na clase polo profesor vendo se os alumnos van asimilando os conceptos e procedementos. Tamén se valorará o grao de participación e a actitude dos alumnos cara á materia.
  - A corrección de probas específicas: cos exames e os traballos, o profesor observa de maneira individual os coñecementos adquiridos polos alumnos e a súa posta en práctica, así como a súa actitude en canto á corrección, adecuada presentación e interese na súa realización.

#### *Instrumentos*

- Probas escritas específicas (para avaliar algúns estándares dos bloques 2,3 e 4). As probas constarán de diferentes apartados no que se avaliarán estándares dos diferentes bloques.

- Rúbrica (para avaliar as actividades dos bloque de 2 e 4, *Ler e escribir e Educación literaria*). As rúbricas serven para avaliar as tarefas relativas a composición de textos, análise de lecturas resumos, )
- Observación sistemática e fichas de rexistro (para avaliar o bloque 1, referido a *Escoitar e Falar* e aqueles estándares que fagan referencia a súa forma de traballar na clase (planificación dos escritos, valoración da creación literaria, uso das tecnoloxías. pequenas dramatizacións, traballos na aula, ortografía.....)

### ***Criterios de cualificación***

Probas escritas	70%
Tareas para entregar, traballos na aula, exposicións, libros de lectura, ortografía...	30%

Ó longo do curso realizaranse dúas probas por trimestre á media das cales se lle asignará unha porcentaxe do 70% da nota global da avaliación. O resto das notas obtidas por medio das rúbricas e as fichas de rexistro farán media entre si e suporán o 30% da nota.

A avaliación será continua, é dicir, en cada proba trimestral avaliaranse estándares de aprendizaxe xa avaliados o trimestre anterior, sobre todo os referidos a gramática e sintaxe. Só se avaliarán de forma illada os contidos relativos ó bloque de literatura. Si se considera que o porcentaxe de alumnos suspensos nalgunha avaliación é elevado ou si os alumnos manifestan interés en recuperar a materia, poderanse facer probas de recuperación, pero tendo en conta que suporá o 70 % da nota, polo que, para poder obter máis puntuación deberá ler os libros de lectura obrigatoria e entregar as tarefas que non foran feitas na clase.

### *Reforzo e ampliación*

Os alumnos que teñan dificultades para seguir a materia, recibirán reforzo naqueles aspectos que se consideren necesarios; o reforzo consistirá na entrega de fichas con exercicios que repasen os coñecementos tratados na clase, exercicios de adquisición de técnicas de estudo ou de ortografía.

No caso de ensino non presencial, estas fichas serán entregadas a través da Aula Virtual, onde haberá un apartado de ACTIVIDADES DE REFORZO

Por outro lado, os profesores tamén deberán ter preparadas actividades de investigación ou ampliación de coñecementos para aqueles alumnos que, tendo adquiridos a maior parte dos contidos do curso, mostren unha actitude positiva hacia a materia e presenten inquietudes por superarse. Na Aula Virtual tamén haberá unha carpeta con ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN

### *Notas*

Para a obtención da calificación global da asignatura a final de curso, realizarase unha media ponderada das notas correspondentes a cada avaliación, segundo a seguinte porcentaxe:

20 % - Nota do primeiro trimestre

30 % - Nota do segundo trimestre

50 % - Nota do terceiro trimestre.

Os alumnos que non alcancen a calificación de 5 poderán presentarse a un examen final ou ben de toda a materia ou ben daqueles contidos non superados (cada alumno será informado previamente dos contidos do seu examen) e poderán entregar totalas tarefas que non foran entregadas durante o curso.

Os alumnos que non superen a asignatura en xuño, realizarán unha proba extraordinaria en setembro de toda a materia; os profesores lles entregarán en xuño aos alumnos modelos de examen de setembro, así como e fichas e pautas para que repasen os contidos e as tarefas das que se van avaliar.

## **7.1.ENSINO SEMIPRESENCIAL**

A situación máis probable que se pode presentar é a de que os alumnos dunha aula ou algún deles, teñan que seguir esporádicamente o curso de maneira telemática, aínda que a maior parte do curso sexa presencial.

*Os procedementos para avaliar serviranse de:*

- A **observación directa do traballo da clase** combinada coa **observación directa** do traballo da **AULA VIRTUAL**
- A **autoavaliación**: en datas próximas aos exames dedicarase unha sesión a actividades de repaso similares ás que han de responder na proba e que os propios alumnos puntuarán de forma individualizada. Por outro lado, sempre que se deseñe algunha tarefa, o alumno debe coñecer de antemán que aspectos van ser avaliados, para que sexa consciente en todo momento da súa propia avaliación. **Se as tarefas son virtuais**, nalgunhas das actividades propostas, o alumno recibirá un audio coas explicacións oportunas para que sexa o propio alumno o que atope os erros que tivo para que os corrixa e o reenvíe de novo xa sen erros.
- A **análise das tarefas desenvolvidas**: as actividades diarias serán corrixidas na clase polo profesor ou, no caso do ensino non presencial, a través da Aula Virtual ( ou ben a través dun audio enviado por correo electrónico de forma individual a cada alumno) , vendo se os alumnos van asimilando os conceptos e procedementos. Tamén se valorará o grao de participación e a actitude dos alumnos cara á materia.
- A **corrección de probas específicas**: cos exames e os traballos, así como a través das tarefas enviadas por medio da Aula Virtual, o profesor observa de maneira individual os coñecementos adquiridos polos alumnos e a súa posta en práctica, así como a súa actitude en canto á corrección, adecuada presentación e interese na súa realización. Os alumnos, no caso de ensino virtual, recibirán as actividades corrixidas para que sexan conscientes de como está desenvolvéndose o seu proceso de aprendizaxe.

### ***Instrumentos***

- Probas escritas específicas (para avaliar algúns estándares dos bloques 2,3 e 4). As probas constarán de diferentes apartados no que se avaliarán estándares dos diferentes bloques. No caso de que os alumnos non podan facer as probas de xeito presencial, serán feitas a través da Aula Virtual
- Rúbrica (para avaliar as actividades dos bloque de 2 e 4, *Ler e escribir e Educación literaria*). As rúbricas serven para avaliar as tarefas relativas a composición de textos, análise de lecturas resumos, )
- Observación sistemática e fichas de rexistro (para avaliar o bloque 1, referido a *Escoitar e Falar* e aqueles estándares que fagan referencia a súa forma de traballar na clase ou na casa (planificación dos escritos, valoración da creación literaria, uso das tecnoloxías. pequenas dramatizacións, traballos na aula, ortografía...))

### ***Criterios de cualificación***

Probas escritas	70%
Tarefas para entregar, traballos na aula, exposicións, libros de lectura, ortografía...	30%

( No caso de que predomine o ensino non presencial ou que os alumnos non podan facer os exames de xeito presencial, a entrega de tarefas pasará a ser o 100% da nota )

Ó longo do curso realizaranse dúas probas por trimestre á media das cales se lle asignará unha porcentaxe do 70% da nota global da avaliación. O resto das notas obtidas por medio das rúbricas e as fichas de rexistro farán media entre si e suporán o 30% da nota.

A avaliación será continua, é dicir, en cada proba trimestral avaliaranse estándares de aprendizaxe xa avaliados o trimestre anterior, sobre todo os referidos a gramática e sintaxe. Só se avaliarán de forma illada os contidos relativos ó bloque de literatura. Si se considera que o porcentaxe de alumnos suspensos nalgunha avaliación é elevado ou si os alumnos manifestan interese en recuperar a materia, poderanse facer probas de recuperación, pero tendo en conta que suporá o 70 % da nota, polo que, para poder obter máis puntuación deberá ler os libros de lectura obrigatoria e entregar as tarefas que non foran feitas na clase.

### *Reforzo e ampliación*

Os alumnos que teñan dificultades para seguir a materia, recibirán reforzo naqueles aspectos que se consideren necesarios; o reforzo consistirá na entrega de fichas con exercicios que repasen os coñecementos tratados na clase, exercicios de adquisición de técnicas de estudo ou de ortografía.

No caso de ensino non presencial, estas fichas serán entregadas a través da Aula Virtual, onde haberá un apartado de ACTIVIDADES DE REFORZO

Por outro lado, os profesores tamén deberán ter preparadas actividades de investigación ou ampliación de coñecementos para aqueles alumnos que, tendo adquiridos a maior parte dos contidos do curso, mostren unha actitude positiva hacia a materia e presenten inquietudes por superarse. Na Aula Virtual tamén haberá unha carpeta con ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN

### *Notas*

Para a obtención da calificación global da asignatura a final de curso, realizarase unha media ponderada das notas correspondentes a cada avaliación, segundo a seguinte porcentaxe:

20 % - Nota do primeiro trimestre

30 % - Nota do segundo trimestre

50 % - Nota do terceiro trimestre.

Os alumnos que non alcancen a calificación de 5 poderán presentarse a un examen final ou ben de toda a materia ou ben daqueles contidos non

superados (cada alumno será informado previamente dos contidos do seu examen) e poderán entregar todas as tarefas que non foran entregadas durante o curso.

Os alumnos que non superen a asignatura en xuño, realizarán unha proba extraordinaria en setembro de toda a materia; os profesores lles entregarán en xuño aos alumnos modelos de examen de setembro, así como e fichas e pautas para que repasen os contidos e as tarefas das que se van avaliar.

### **7.3. ENSINO NON PRESENCIAL**

*Os procedementos para avaliar serviránse de:*

-A **observación directa** do traballo da **AULA VIRTUAL**

- A **análise das tarefas desenvolvidas**: as actividades propostas serán corrixiadas individualmente polo profesor vendo se os alumnos van asimilando os conceptos e procedementos. Tamén se valorará o grao de participación e a actitude dos alumnos cara á materia.

- A **corrección de tarefas específicas**: coas tarefas enviadas, o profesor observa de maneira individual os coñecementos adquiridos polos alumnos e a súa posta en práctica, así como o seu interese na súa realización. Os alumnos recibirán as actividades corrixiadas para que sexan conscientes de como está desenvolvéndose o seu proceso de aprendizaxe.

- A **autoavaliación**, nalgunhas das actividades propostas, o alumno recibirá un audio coas explicacións oportunas para que sexa o propio alumno o que atope os erros que tivo para que os corrixa e o reenvíe de novo xa sen erros.

### ***Instrumentos***

- Cuestionarios específicos (para avaliar algúns estándares dos bloques 2, 3 e 4).
- Rúbrica (para avaliar as actividades dos bloques 1, 2, e 4, *Escoitar e Falar, Ler e escribir e Educación literaria*). As rúbricas serven para avaliar as tarefas relativas a composición de textos, análise de lecturas resumos, uso das tecnoloxías, valoración da creación literaria... )

### ***Criterios de cualificación***

Tareas para entregar, traballos , exposicións, libros de lectura, ortografía...	100%

A avaliación será continua, é dicir, en cada proba trimestral avaliaranse estándares de aprendizaxe xa avaliados o trimestre anterior, sobre todo os referidos a gramática e sintaxe. Só se avaliarán de forma illada os contidos relativos ó bloque de literatura. Si se considera que o porcentaxe de alumnos suspensos nalgunha avaliación é elevado ou si os alumnos manifestan interés en recuperar a materia, poderanse facer probas de recuperación, pero tendo en conta que suporá o 70 % da nota, polo que, para poder obter máis puntuación deberá ler os libros de lectura obrigatoria e entregar as tarefas que non foran enviadas

### ***Reforzo e ampliación***



Os alumnos que teñan dificultades para seguir a materia, recibirán reforzo naqueles aspectos que se consideren necesarios; o reforzo consistirá na entrega de fichas con exercicios que repasen os coñecementos tratados na clase, exercicios de adquisición de técnicas de estudo ou de ortografía.

No caso de ensino non presencial, estas fichas serán entregadas a través da Aula Virtual, onde haberá un apartado de ACTIVIDADES DE REFORZO

Por outro lado, os profesores tamén deberán ter preparadas actividades de investigación ou ampliación de coñecementos para aqueles alumnos que, tendo adquiridos a maior parte dos contidos do curso, mostren unha actitude positiva hacia a materia e presenten inquietudes por superarse. Na Aula Virtual tamén haberá unha carpeta con ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN

### *Notas*

Para a obtención da calificación global da asignatura a final de curso, realizarase unha media ponderada das notas correspondentes a cada avaliación, segundo a seguinte porcentaxe:

20 % - Nota do primeiro trimestre

30 % - Nota do segundo trimestre

50 % - Nota do terceiro trimestre.

Os alumnos que non alcancen a calificación de 5, poderán entregar unha carpeta con tarefas de recuperación (para poder superar a asignatura deberán entregar o 80% das tarefas propostas).

Os alumnos que non superen a asignatura en xuño, realizarán unha proba extraordinaria en setembro de toda a materia; os profesores lles entregarán en xuño aos alumnos modelos de examen de setembro, así como e fichas e pautas para que repasen os contidos e as tarefas das que se van avaliar.

## **8.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁTICA DOCENTE.**

A avaliación do proceso do ensino e da práctica docente permitirá revisar e modificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

<b>INDICADOR</b>	<b>VALORACIÓN<sup>1</sup></b>	<b>PROPOSTA DE MELLORA</b>
Realización da avaliación inicial ao principio de curso.		
Revisión frecuente dos traballos realizados e indicación de pautas para realízalos e melloralos.		
Información sobre a realización das tarefas que procure detectar os fallos e os logros.		
Uso de criterios de avaliación que permitan avaliar equilibradamente os diferentes contidos.		
Fomento da autoavaliación e da coavaliación.		
Proposta de actividades de reforzo.		
Proposta de actividades de ampliación.		
Vinculación das unidades de programación con situacións reais, funcionais e motivantes.		
Uso de diferentes técnicas de avaliación.		

1 Utilizarase a seguinte escala: pouco axeitada (non se cumpriu o indicador), axeitada (cumpriuse o indicador) e boa (superouse o indicador).

Identificación en cada instrumento de avaliación da súa relación cos estándares.		
Información ao alumando e aos pais e nais.		

A avaliación do proceso de ensino e da práctica docente ao final de cada unidade de programación permitirá introducir as modificacións que posibiliten a mellora do proceso. Avaliaremos o proceso, os resultados finais , os logros e dificultades para propoñer melloras

## **9.ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN**

### **Contidos:**

Os alumnos que promocionen de curso coa asignatura de lingua e literatura castelá suspensa, se lles esixirán os mínimos de consecución para superar a materia (expostos mais arriba) correspondentes ao curso que non superou.

### **Programa de reforzo e actividades de avaliación:**

Os alumnos que teñan a asignatura de lingua castelá do curso ou cursos anteriores suspensa poderan recuperala das seguintes formas:

- Entregando unha serie de fichas e traballos que o profesor lle irá proporcionando ao longo do curso, (e que estarán na Aula Virtual) nas que se valorará tanto a asimilación de contidos como o interese na súa realización, e aprobando a proba ou probas específicas de recuperación que se realizarán nos meses de xaneiro e maio. Os alumnos que non a recuperen en maio, disporán de outra oportunidade en setembro.
- Os alumnos de 2º que asistan a un programa de reforzo e teñan a lingua castelá de 1º suspensa, irán realizando nesa hora de apoio os traballos e as probas que lle permitan acadar os contidos mínimos do curso anterior, polo que non é preciso que realicen a proba de maio para poder superar a asignatura.
- Aqueles alumnos que entreguen os traballos e que vaian aprobando os exames parciais e avaliacións de lingua castelá do curso no que están matriculados, poden estar exentos de facer a proba específica de recuperación, se o profesor considera que ten superados os contidos do curso anterior.

### **.Avaliación continua:**

- Tendo en conta que a Lingua castelá é unha asignatura que sempre inclúe os contidos mínimos dos anos anteriores, os alumnos que aproben a asignatura de lingua castelá do curso no que están matriculados e teñan pendente a mesma asignatura do ano anterior, serán aprobados automaticamente.

## **10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS**

Á hora de suscitar as medidas de atención á diversidade e inclusión temos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

O número de alumnos e alumnas.

O funcionamento do grupo (clima do aula, nivel de disciplina, atención...).

As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.

As necesidades que se puideron identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión do aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).

As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciales. Os desempeños competenciales prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.

Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e ás alumnas para os traballos cooperativos.

Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento achega do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información achega de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

Identificar aos alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, ubicación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual).

Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van a empregar.

Analizar o modelo de seguimento que se vai a utilizar con cada un deles.

Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van a avaliar os progresos destes estudantes.

Fixar o modo en que se vai a compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

## **11.MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

Nos cursos de 1º e 2º temos alumnos con necesidade específica de apoio educativo que nalgunhas horas de lingua castelá salen da aula ordinaria e asisten á aula de apoio coa profesora de Pedagogía terapéutica; son casos graves, dous deles con *Adaptación Curricular*, e precisan dunha atención especial. Pero ademáis, tal como recolle a circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria, estableceremos unha serie de medidas de atención á diversidade:

- Aqueles que presentan dificultades de tipo lingüístico están exentos da 2º da segunda lingua extranxeira e teñen no seu lugar apoio en lingua castelá.
- Por outro lado, este ano, ao ser os grupos de 1º e 2º pouco numerosos, os profesores poderán apoiar, de forma individualizada, a aqueles alumnos que presenten dificultades na materia.

## **12.CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA**

Resulta inevitable abordar os temas transversais –educación ambiental, educación para a saúde, educación para a igualdade, para a paz, para a solidariedade, educación non sexista..., en toda programación didáctica.

A mellor estratexia para o tratamento destes contidos non consiste nunha superposición máis ou menos ocasional con respecto ó resto do currículo, senon que pasa pola súa integración na didáctica cotiá da área, nas actividades habituais, especialmente as que se basean nos textos escritos, pois neles é frecuente a presenza de contidos claramente relacionables cos temas que acabamos de enumerar. Polo tanto, en aplicación desta perspectiva, propoñemos algunhas actividades de tratamento dos temas transversais, a saber:

- Elección de textos e outros materiais (vídeos, anuncios, letras de cancións, etc.) que susciten o debate acerca destes temas.
- Tratamento daqueles contidos propios dos textos literarios obxecto de estudo e lectura que ofrezan un refrexo social e histórico dos temas transversais. A título de exemplo, propoñemos facer fincapé nos seguintes contidos, entre outros posibles
- O papel da muller na literatura e os seus problemas para acceder a cultura: como xa fixemos nos cursos anteriores, adicaremos varias sesións a estudar os textos de literatas como Emilia Pardo Bazan, Rosalia de Castro e outras facendo fincape na súa vida e as dificultades que tiveron que sufrir pola súa condición de mulleres.
- A creación de mundos fantásticos e imaxinarios, como alternativa á realidade cotiá, monótona e aburrida.
- O valor da amizade e das relacións humanas.
- O respecto á diversidade étnica e cultural.
- A solidariedade.
- A reivindicación do dereito á diferenza e a escoller opcións persoais.
- A valoración dunha educación non sexista.
- O rexeitamento de toda clase de tiranía.
- A imaxe da muller e do home na poesía amorosa medieval, renacentista, barroca, romántica e contemporánea. O amor e a sexualidade como dimensións da personalidade e estímulo da creación literaria.
- Visión crítica da pobreza e a desigualdade social.

- A convivencia entre o home e a natureza.
- A alimentación e a publicidade

Os alumnos participarán nas distintas actividades didácticas organizadas polo centro para o tratamento dos temas transversais, así como nas organizadas polo concello e calquera outra entidade ou asociación que parezan adecuadas.

### **13.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Ao longo do curso realizaremos aquelas actividades extraescolares e complementarias que sexan compatibles coa situación actual como:

- Proxección de películas relacionadas coa materia ( *Cyrano de Bergerac, Lope, El cartero y pablo Neruda*)
- Participación en diferentes concursos de narrativa, poesía e microrrelatos se son convocados polas entidades
-



## **14.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.**

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoevaluación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado no aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller mellóralas no seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS A EVALUAR	A DESTACAR	A MELLORAR	PROPOSTAS DE MELLORA
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos objetivos didácticos			
Manexo dos contenidos da unidade			

Descriptorios e desempeños competenciales			
Realización de tareas			
Estrategias metodológicas seleccionadas			
Recursos			
Claridad en los criterios de evaluación			
Uso de diversas herramientas de evaluación			
Portfolio de evidencias de los estándares de aprendizaje			
Atención a la diversidad			
Interdisciplinariedad			

## **15.CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR**

Desde o noso departamento contribuiremos ao fomento activo da lectura de diferentes formas:

- Animamos aos alumnos a que participen no Clube de lectura da biblioteca, valorando positivamente a súa participación nas actividades propostas.
- En tódolos cursos os profesores realizan lecturas de textos relacionados coa programación ou de fragmentos das lecturas obrigatorias que poidan ter unha comprensión difícil para os alumnos, e os propios alumnos realizan lecturas dramatizadas de obras completas do programa.
- Aínda que dende a nosa asignatura traballamos a diario cos textos, procurarase dedicar a lo menos catro sesións por trimestre á lectura, dando liberdade aos alumnos para que en dúas de elas elixan eles o libro ou revista.
- A semana do Libro, o noso departamento programa actividades relacionadas con algún autor e participa nas programadas pola biblioteca do centro e a biblioteca do concello de San Sadurnino.

## **16.CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS.**

- A dotación de ordenadores para os alumnos nas aulas do proxecto Abalar fai máis doado o uso das novas tecnoloxías nas aulas. Este ano, coa incorporación do noso centro ao Proxecto Edixgal ,esperamos traballar de forma frecuente coas Tics.
- Como xa foi mencionado no apartado relativo a metodoloxía e recursos didácticos, os alumnos de 3º e 4º distintos cursos acudirán periódicamente á aula de informática tanto para a procura de información como para a realización de unidades didácticas interactivas.
- Na aula virtual, no apartado que lle corresponde ao noso departamento, expoñemos información acerca da programación e actividades, enlaces a páxinas de interese, enlaces a libros clásicos de lectura obligatoria.....e poñemos á disposición dos alumnos fichas e exercicios para que poideran repasar contidos;
- A incorporación de cañóns de video en tódalas aulas posibilita que os profesores proxecten videos e accedan a páxinas web de interese para o tema que se estea a tratar.

## **17.CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

A escola non so debe ocuparse dos contidos académicos senon que debe traballar tamén actitudes, valores e normas. Dende o noso departamento educamos na tolerancia e na solidariedade de diferentes formas.

- Fomentamos a cooperación entre os alumnos traballando en grupo na búsqueda de información.
- Realizamos lecturas dramatizadas que melloran a relación entre os alumnos.
- Ofrecemos textos para traballar a comprensión lectora que traten temas relacionados coa convivencia como o “acoso escolar”, a “discriminación das minorías”....para que os alumnos sexan capaces de poñerse na posición dos demais e que perciban como se sinten os compañeiros discriminados.

- Valoramos públicamente os esforzos daqueles alumnos con menos capacidades do grupo, na nosa materia, para que non se sintan diferentes.

## **18.CONTRIBUCIÓN AO PLAN LINGÜÍSTICO.**

Un dos obxectivos fundamentais do Proxecto lingüístico de centro é aumentar a competencia comunicativa dos alumnos, polo que resulta obvio que o Departamento de Lingua castelá e Literatura contribúe activamente de diferentes maneiras:

- Ofrecendo aos alumnos textos de diferentes tipoloxías para que traballen a comprensión lectora.
- Traballando a expresión oral, tanto na exposición breve de contidos como na lectura en voz alta de poesías ou textos dialogados.
- Realizando esquemas,resumos e traballos para que os alumnos sexan competentes para producir textos con diferentes intencións comunicativas.
- Fomentando a produción de textos que estimulen a creatividade dos rapaces (poesía, relato,descripcións, diálogos..)
- Relacionándose cos demais departamentos de Linguas para procurar un estudo integrador das linguas que intente compartir, na medida do posible, a metodoloxía e terminoloxía.
- Coordinándose de forma especial co Departamento de Lingua e Literatura galega, na procura dun enfoque metodolóxico semellante que favoreza a competencia lingüística do alumnado; esta coordinación establecerase sobre todo:
  - no uso da mesma terminoloxía lingüística.
  - comparación do vocabulario para ampliar este (especialmente os cultismos) e evitar as interferencias.
  - reparto das sesións adicadas ao estudo de determinados aspectos lingüísticos para evitar a repetición sistemática de contidos.
  - procura de transferencia de contidos nunha lingua a outra e explicacións de cuestións gramaticais e sintácticas con exemplos da lingua galega.

